

## A VICERREITORÍA DE IGUALDADE E DIVERSIDADE ABRE O TERCEIRO PRAZO DE RENOVACIÓN DAS SOLICITUDES DE ADAPTACIÓNS PARA O ALUMNADO CON NECESIDADES DE APOIO ESPECÍFICAS

### 1. SOLICITANTES

Poderá solicitar as adaptacións todo o alumnado matriculado, ou que se vaia matricular no curso 24/25, que xa contara con expediente na ADI, e que teña calquera tipo de necesidade de apoio específico, recoñecido algún grao de discapacidade ou calquera situación en que se precise apoio e acompañamento, para o cal achegará informes médicos, psicolóxicos e/ou psicopedagóxicos, dependendo do caso, co fin de podermos valorar o tipo de adaptacións.

### 2. VALORACIÓN

As solicitudes de renovación das adaptacións do alumnado con necesidades de apoio específico, que xa tiñan expediente na ADI, teñen que entregar a seguinte documentación:

-Solicitud de servizos asinada (obligatorio, pódese descargar na páxina web do ADI).

**-Se existen actualizacións en informes ou calquera outra documentación** terá que ser entregada xunto á solicitude. Se non é o caso, non haberá que entregar o resto de documentación de novo, xa que consta no expediente anterior.

### 3. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Para a presentación de solicitudes non é obrigatorio reservar unha cita, pero si se precisa por algunha cuestión pode ser en liña ou presencial a través do seguinte formulario:

<https://outlook.office365.com/book/UnidadedeAtencinDiversidade@udcgal.onmicrosoft.com/>

É obrigatorio acudir á cita coa documentación actualizada, se fose o caso, así como coa solicitude de servizos cuberta e firmada.

#### 4. PRAZO DE PRESENTACIÓN

O segundo prazo de solicitude de adaptacións para alumnado con necesidades de apoio específico **vai desde o 9 de decembro ao 17 de xaneiro de 2025.**

#### 5. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos, RXPd), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), infórmase de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167 000.

O tratamento destes datos persoais está lexitimado con base no artigo 6.1.a) do RXPd: consentimento da persoa interesada; tamén para as categorías especiais de datos, no artigo 6.1.e) do RXPd: cumprimento dunha misión en interese público, neste caso con base na Lei 4/2023, de 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 LOPd. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible esixencia de responsabilidades legais.

A persoa interesada ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así

como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderaos exercer da seguinte maneira:

a) Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na Sede Electrónica da UDC, no apartado “Outros trámites”.

b) Mediante unha solicitude por escrito á persoa responsable do tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), dirixida ben ao enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña; ben ao correo electrónico [secretariaxeral@udc.gal](mailto:secretariaxeral@udc.gal). Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.

c) Mediante unha solicitude por escrito dirixida á persoa delegada de Protección de Datos, ben ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ben ao correo [dpd@udc.gal](mailto:dpd@udc.gal) Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da citada sede electrónica ou dos rexistros presenciais da UDC. Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).